

Celga



4

PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL
DE POLÍTICA
LINGÜÍSTICA

C4-B-V-21

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea vostede este artigo sobre unha cooperativa agroalimentaria ecolóxica. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Realizar unha exposición.
- Conversar sobre o tema.

Alimentarse san, con Daiquí, é fácil. ANÍMATE A PROBAR!

QUEN SOMOS?

Somos un grupo de labregos e de labregas, amantes da natureza, que coidamos da terra para producirmos alimentos saborosos e sans, libres de pesticidas e nitratos, e procuramos un prezo xusto tanto para o agricultor como para o consumidor.



Vivimos e traballamos no concello de Rairiz de Veiga, nunha pequena aldea da montaña do sur de Ourense chamada Carballal. Este foi o único concello da Limia no que non houbo concentracións parcelarias, polo que conserva un sistema agrario tradicional que resulta ideal para a agricultura ecolóxica.

Os procesos de concentración parcelaria pretendían acabar coa histórica fragmentación da propiedade da terra en Galicia a través do agrupamento de varias parcelas nunha leira de maior tamaño, co fin de facilitar o crecemento de explotacións agrarias, a utilización de maquinaria e o aproveitamento da superficie. Pero, nalgúns casos, esta infraestrutura cuadriculada de grandes parcelas acabou cos sistemas agrarios tradicionais e induciu o agricultor a unha produción baseada no monocultivo e ao uso de grandes cantidades de produtos químicos e pesticidas.

Daiquí é un proxecto rural sustentable que naceu coa intención de demostrar que o sistema agrario tradicional galego é un patrimonio moi valioso, xa que, de o potenciar ben, pode cumprir á perfección as funcións que un país moderno agarda do seu medio rural, é dicir, un medio produtivo, ecolóxico, paisaxístico, recreativo...

Os nosos obxectivos son preservar o sistema agrario tradicional, xunto coa paisaxe a el asociada; frear o abandono do campo, creando emprego; revalorizar a profesión do labrego consonte a súa importancia dentro da sociedade; conservar e potenciar a variedade de sementes autóctonas e contribuír á protección dos recursos naturais básicos.

COMO FUNCIONA DAIQUÍ

Somos unha cooperativa de traballo formada por cinco socios e socias, centrada en producir e distribuír toda clase de alimentos ecolóxicos. Para isto, dispomos dun almacén bioconstruído onde realizamos o noso traballo de preparación dos pedidos. Ao pé do almacén, contamos con leiras e invernadoiros onde cultivamos verduras e hortalizas, que vendemos por man ou por quilo. Isto ten a vantaxe de que podemos recoller a verdura no mesmo día que elaboramos os pedidos, que levamos directamente á casa, ben con transporte propio, ben mediante transporte urxente ou refrixerado.

Ademais, contamos coa colaboración doutros produtores ecolóxicos veciños nosos. Todos estamos inscritos e, xa que logo, sometidos ao control do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia.

Para produtos fóra de tempada ou que, polo clima, non se poden cultivar aquí, recorreremos a outros produtores repartidos por toda Galicia e mesmo por todo o Estado e Portugal e, ademais, fomos incluíndo produtos envasados, como aceites, pastas ou conservas. Deste xeito, podemos manter unha oferta constante e variada dos alimentos máis básicos que precisa unha familia ao longo de todo o ano.

Á hora de prepararmos os pedidos, intentamos minimizar ao máximo a produción de residuos, para o que utilizamos caixas de cartón e madeira, bolsas de papel ou plásticos biodegradables. Os refugos orgánicos producidos no almacén aprovéitanse para a alimentación de animais ou van parar directamente aos nosos composteiros, onde, mesturados con follas de carballo e outros restos vexetais da nosa horta, se converten nun excelente fertilizante orgánico. Mercamos a granel, porque sae máis barato e porque se xeran moitos menos envases.

AGRICULTURA ECOLÓXICA

É un xeito de cultivar a terra que ten como obxectivo fundamental producir alimentos sen residuos e da máxima calidade, co fin de respectar o contorno natural e de conservar a fertilidade da terra para a próxima xeración.

Na agricultura química empréganse pesticidas moi potentes que matan rapidamente todo tipo de pragas, estas substancias matan tamén os organismos beneficiosos (fungos, bacterias, insectos depredadores...) que son os que manteñen o equilibrio biolóxico do solo e do agrosistema. Como consecuencia, prodúcese un desequilibrio que crea resistencias nas pragas que queremos controlar, e que aparecen despois máis vizosas, o que nos obriga a aumentar a dose ou cambiarmos a outros químicos máis fortes.

Non obstante, na agricultura ecolóxica temos en conta certas normas que respectan as leis da natureza, como alimentar a terra con materia orgánica (compost, esterco, adobos verdes...); fomentar a presenza de insectos e microorganismos beneficiosos; utilizar sementes e pés de procedencia ecolóxica, a poder ser variedades propias, locais, autóctonas, procurando a biodiversidade; ter en conta as técnicas de labra, rotación e asociación de cultivos; ou prestarlle moita atención ao momento de estercar, sementar,

transplantar e mondar, xa que se facemos estas anqueiras no momento xusto aforramos tempo, traballo e, sobre todo, teremos mellores colleitas.

Se, a pesar de respectar todas estas normas, tivermos algún problema de praga, sabemos que hai produtos que nos poden axudar, sen deixar residuos tóxicos para nós nin para o medio.

A agricultura e a gandería ecolóxica poden ser unha boa oportunidade e a fórmula máis eficaz para revalorizar e recuperar o sistema agrario tradicional, o que demostra que se pode crear riqueza sen necesidade de destruír unha herdanza irrepetible que debemos preservar por enriba de todo.

Temos que recuperar as cousas boas da nosa cultura labrega, pero non só para expoñelas penduradas das paredes dun museo etnográfico, onde todo está morto. Gustamos máis dun museo vivo, interactivo e real, onde a fusión da sabedoría tradicional, xunto cos coñecementos e tecnoloxías máis modernos, permiten a potenciación dun sistema produtivo rendible para os seus habitantes e sustentable no tempo.

Cómpre tamén mudar a imaxe pexorativa que ten a sociedade sobre o traballo rural, dignificando e valorizando a profesión de labrego, non só como garante da autosuficiencia alimentaria do país, senón tamén como coidador da paisaxe e da saúde do medio e das persoas.

Para acadar esta meta, cómpre atraer e motivar os poucos mozos e mozas que van quedando nas aldeas con cursos que lles amosen as posibilidades e os aspectos positivos da agricultura ecolóxica.

Texto adaptado de <https://www.daiqui.com/>

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
<p>Orientacións para a persoa avaliadora: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que a persoa candidata se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que a poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ■ Como se chama? ■ A que se dedica? ■ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ■ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda? ■ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? (Se procede) ■ Que lle gusta máis da cultura galega? ■ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa? 	
2. RESUMO	3 minutos aprox.
<p>Orientacións para a persoa avaliadora: a persoa candidata ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que a persoa candidata entendeu o contido do texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha das seguintes preguntas:</p>	
<p>Faga un resumo do contido do texto.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ En que consiste o proxecto Daiquí e onde desenvolve o seu traballo? ■ Cales son os seus obxectivos fundamentais? ■ Como realizan o traballo de preparación e distribución dos pedidos? ■ E o do cultivo da terra? ■ Que é a agricultura ecolóxica? 	
3. EXPOSICIÓN	3-4 minutos aprox.
<p>Orientacións para a persoa avaliadora: a persoa entrevistadora escollerá unha das alternativas das que se propoñen e, a partir dela, diralle á persoa candidata que faga unha exposición de 2-3 minutos, na cal defenda o seu punto de vista ou argumente sobre ese tema. Daráselle 1 minuto para pensar ou organizar o seu discurso e indícaráselle o seu tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que a persoa candidata poida ser debidamente avaliada. Se a persoa candidata tarda en iniciar a súa exposición, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que opina vostede sobre isto? Está de acordo? Parécelle necesario? Quere engadir algo máis? Se non a realiza, haberá que respectar un pouco o seu silencio para deixar en evidencia que non está cumprindo esta parte da tarefa, pero EN NINGÚN CASO se pasará inmediatamente ás preguntas de interacción da seguinte parte.</p>	

Realice unha exposición acerca dos seguintes enunciados:

- A.** O papel das cooperativas agroalimentarias é fundamental para o desenvolvemento económico do mundo rural.
- B.** Hai que dignificar o traballo dos labregos e dos gandeiros e darlle o valor que merece.
- C.** Temos a responsabilidade de coidar a terra e de deixárllela aos nosos fillos tal como a herdamos dos nosos devanceiros.
- D.** A agricultura e a gandería ecolóxicas poden ser un soporte para os sistemas agrarios tradicionais.

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para a persoa avaliadora: logo da exposición, establecerase un diálogo coa persoa candidata. A opción de preguntas que se lle dará á persoa candidata (A, B, C...) debe coincidir coa opción do enunciado do ítem anterior. Agora ben, estas preguntas NON consisten nun interrogatorio; son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso da persoa candidata. Ademais, é moi importante que se force a CONTRAARGUMENTACIÓN para poder avaliar a súa capacidade argumentativa.

OPCIÓN A

O papel das cooperativas agroalimentarias é fundamental para o desenvolvemento económico do mundo rural

- Pensa que as cooperativas de consumo poden ser unha maneira de asentir poboación nova no campo? Por que?
- Coida que o asociacionismo e as cooperativas poden axudar ao mantemento e á creación de postos de traballo no rural?
- Pensa que as cooperativas garanten medios de produción máis respectuosos co medio? Por que?
- Parécelle que o cooperativismo agrario pode contribuír a garantir a seguridade alimentaria? Por que?
- Prefire mercar os seus produtos de alimentación a través dunha cooperativa ou en grandes hipermercados? Por que?
- Parécelle máis cómodo mercar nun grupo de consumo que lle envíe os produtos á casa ou prefire ver e elixir o produto que está mercando?
- (Se procede)
- Existen diferenzas ou semellanzas entre as cooperativas agroalimentarias en Galicia e as do seu lugar de orixe?

OPCIÓN B

Hai que dignificar o traballo dos labregos e dos gandeiros e darlle o valor que merece

- Pensa que se pode vivir hoxe en día do traballo no campo? Como?
- Cre que a concentración parcelaria contribuíu á creación de emprego no agro? Pensa que supuxo algunha outra mellora no traballo e na produción?
- Onde pensa que hai actualmente máis oportunidades de traballo, no campo ou na cidade?
- Gustaríalle traballar no campo? Por que?
- Cales poden ser, ao seu entender, as razóns do abandono do rural? Pensa que é posible revertir ese abandono? Por que? Como?
- Opina que se podería vivir de novo no campo sen mudar as condicións actuais? Por que?

(Se procede)

- Existen diferenzas ou semellanzas entre o traballo no campo en Galicia e no seu lugar de orixe?

OPCIÓN C

Temos a responsabilidade de coidar a terra e de deixárllela aos nosos fillos tal como a herdamos dos nosos devanceiros

- Parécelle que a agricultura e a gandería ecolóxicas contribúen ao coidado da natureza? Por que? E a agricultura convencional? Por que?
- Considera que os nosos devanceiros coidaban mellor a terra? Por que?
- Cre que a xente nova ten unha maior conciencia ambiental que as xeracións anteriores? Por que?
- De que maneira contribúe vostede ao coidado da terra?
- Que medidas globais pensa que se deberían adoptar para conservar o medio?
- Que opina sobre a concentración parcelaria en relación co coidado da terra? Por que?

(Se procede)

- Existen diferenzas ou semellanzas entre o coidado do medio en Galicia e no seu lugar de orixe?

OPCIÓN D

A agricultura e a gandería ecolóxicas poden ser un soporte para os sistemas agrarios tradicionais

- Que opina vostede sobre a agricultura e a gandería ecolóxicas?
- Cre que é posible producir alimentos de calidade sen ter o selo de ningún consello regulador?
- Considera que é realmente ecolóxico todo o que se vende como tal?
- Pensa que é posible cultivar de xeito ecolóxico todos os alimentos que precisa a poboación actual? Por que?
- Coida que os alimentos ecolóxicos son de máis calidade que os convencionais? Por que? E parécelle que deben ser máis caros? Por que?
- Pensa que é posible obter os mesmos beneficios económicos coa agricultura ecolóxica que coa convencional? Por que?

(Se procede)

- Existen diferenzas ou semellanzas entre a agricultura e a gandería ecolóxicas en Galicia e no seu lugar de orixe?